

LyCoTeC (*LENGUA Y COMUNICACIÓN TÉCNICO-CIENTÍFICA*)

Coordinador/a: **Antonio Rifón Sánchez**

Participantes: *Inmaculada Anaya Revuelta*
Susana Álvarez González
Roberto Bustillo Bolado
M.ª Itziar Goicoechea Castaño
José Montero Reguera
José Rúas Araújo

Liñas de actuacións

A comunicación académica (técnico-científica) é unha pedra angular do traballo universitario; sirve, ao persoal docente investigador (PDI), para comunicar os seus coñecementos ao alumnado e o seu traballo de investigación a outros investigadores/as e a sociedade en xeral; ao alumnado sírvelle para acadar de xeito máis óptimo e organizado as competencias do seu currículo e, no seu futuro profesional, permitirlle comunicar mellor as súas ideas e proxectos. Así que tanto o alumnado como o PDI precisa non só coñecer os métodos e conceptos da súa disciplina, senón tamén as ferramentas e técnicas da comunicación dese coñecemento.

Porén, as ferramentas de xeración e transmisión do discurso académico teñen escasa presenza nos plans de estudo o que fai que o acceso a elas sexa difícil. Esta dificultade foi tratada de paliar noutras universidades, fundamentalmente estranxeiras, coa creación, xa fai anos, de centros de escritura que tentan mellorar a escrita académica e profesional.

Así, o grupo de *Lengua y Comunicación Técnico-Científica* (LyCoTeC) nace co obxectivo fundamental de axudar á comunidade universitaria, alumnado e PDI, na xeración, construción e divulgación do seu discurso académico fornecéndoa coas ferramentas necesarias de xeito aberto e accesible a todos/as e aproveitando os coñecementos e traballo interdisciplinario entre os distintos ámbitos académicos.

O traballo céntrase en todas as fases do discurso académico, a planificación e organización textual, a escrita e corrección, a publicación e divulgación e trata de construír materiais de consulta, materias docentes que sirvan non só para cursos presenciais ou en liña impartidos polo propio grupo, senón tamén que poidan ser empregados de xeito directo pola comunidade fomentando a comunicación interdisciplinar e a autotendizaxe.

Neste labor xogan un papel esencial tanto o PDI membros do grupo coma o alumnado, xa que fomentamos a colaboración entre eles para completar traballos que serán accesibles pola comunidade e a sociedade en xeral e, coa apertura do seu traballo a toda a comunidade, dáselle o valor que este merece.

Obxectivos

1. Axudar a mellorar as competencias comunicativas (orais e escritas) do alumnado e persoal investigador da Universidade de Vigo.
2. Axudar a mellorar as competencias divulgativas do alumnado e persoal investigador da Universidade de Vigo.
3. Axudar a integrar ao alumnado na vida comunitaria universitaria poñendo en valor o seu traballo ao ser coñecido e empregado pola comunidade universitaria.
4. Fomentar a colaboración entre alumnado e o profesorado para acadar metas comúns que terán repercusións prácticas e útiles na sociedade.
5. Fomentar o emprego das novas tecnoloxías empregadas na transmisión do coñecemento e na súa didáctica.
6. Fomentar e aproveitar a colaboración interdisciplinaria para mellorar a comunicación entre os distintos ámbitos científicos da universidade e, así, mellorar a difusión do traballo de cada ámbito.
7. Prover á comunidade universitaria de ferramentas de consulta que faciliten a planificación, creación e divulgación do seu discurso científico.
8. Ofertar cursos e talleres extracurriculares en colaboración con outros grupos ou servizos da Universidade de Vigo que reforcen as competencias comunicativas tanto do alumnado como do persoal investigador.
9. Asesorar aos membros da comunidade universitaria en aqueles problemas comunicativos que se lles formulen co seu discurso académico.

Plan de traballo

O grupo de traballo xa está a realizar, de feito informal, diferentes materiais que coa xeración do GID serán reformulados. Xeraranse materiais de consulta, de formato *wiki* que se adaptarán á docencia a través dalgunha ferramenta tipo *eXeLearning*.

Marzo-abril	Constitución do grupo.
Marzo-abril	Cursos de formación en colaboración co grupo Red-IS para EIDO, mestrado en Biotecnoloxía e Bubela (para alumnos de mestrado e doutoramento de química).
Abril-maio	elaboración dunha páxina web e da wiki para subir o material (ámbalas dúas están xa na fase inicial de elaboración)
Maio-xuño	Reorganización do material existente e programación do traballo.
Xuño-xullo	Elaboración do primeiro material, feito polos membros do grupo, que sirva como modelo para a confección do material para a wiki e para docencia.
Setembro-décembro	O profesorado e alumnado encargaranse da elaboración de material para a wiki e a docencia. Aproveitarase o traballo por proxectos que se realiza en materias relacionadas coa escrita académica; deste xeito o alumnado fará proxectos que servirán para a súa avaliación pero que non quedarán circunscritos á aula, senón que terán visibilidade externa, así ponse en valor o traballo do alumnado que saberá que os seu traballo terá unha repercusión práctica e social.